

INSTRUCCIÓN DA XERENCIA PARA A CAMPAÑA DE VIXILANCIA DA SAÚDE 2026 NO ÁMBITO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Para cumprir o que está disposto no artigo 22 da Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais, a UDC convoca a vixilancia periódica da saúde en función dos riscos inherentes ao traballo do seu persoal.

A inscrición nesta campaña é de carácter voluntario e realizarase a través do formulario publicado na páxina web do Servizo de Prevención da UDC.

O prazo de inscrición comezará ao día seguinte da publicación desta instrución no taboleiro electrónico da UDC e **rematará o venres, 13/02/2026, ás 14.00 h.**

De non se inscribir neste período implicará que o/a traballador/a renuncia ao recoñecemento médico deste ano.

Este prazo non contará para o persoal de novo acceso ou aquel persoal que se incorpore ao posto de traballo logo dunha ausencia prolongada por motivos de saúde, que se poderá inscribir por medio dun formulario específico, logo de avisar o Servizo de Prevención, no momento en que se produza a súa (re)incorporación.

Os procesos de citación levaranse a cabo desde marzo ata outubro, dependendo do centro de traballo de acordo coa a seguinte táboa:

CENTROS	PERÍODO APROXIMADO DE ATENCIÓN SANITARIA
Campus da Coruña - Reitoría e Club Universitario.	Mes de marzo
Campus da Coruña - Riazor	Mes de marzo
Campus da Coruña - Oza	Mes de marzo
Campus da Coruña - Elviña	Meses de marzo, abril, maio, xuño e xullo
Campus da Coruña - A Zapateira	Meses de xuño, xullo, setembro e outubro
Campus da Coruña - Bastiagueiro	Mes de outubro
Campus de Ferrol	Meses de marzo, abril, maio, xuño e xullo

O acceso aos resultados da vixilancia da saúde será remitido ao correo electrónico institucional de cada traballador/a por **Quirón Prevención**.

A xerenta,

M^a Jesús Grela Barreiro

PERSOAL TÉCNICO DE XESTIÓN E DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS
PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR
PERSOAL CONTRATADO CON CARGO A CONVENIOS E PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN